

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27007259	IES Río Cabe	Monforte de Lemos	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Economía, Emprendemento e Actividade Empresarial	1º Bac.	4	140

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	17
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	21

1. Introducción

O IES "Río Cabe", está situado na localidade de Monforte de Lemos, na provincia de Lugo. O centro é grande, contando con un ciclo formativo de grao superior de guía, información e asistencia turística en réxime de adultos e modular; ademais do nivel 1 do grao medio das ensinanzas técnico deportivas na especialidade de fútbol. Conta con 9 unidades da ESO e tamén existen dúas aulas de apoio debido a presenza de alumnado con necesidades educativas especiais principalmente en 1º e 2º da ESO.

Co que respecta ao Bacharelato a oferta se limita as modalidades de "Ciencias" e "Humanidades e Ciencias Sociais" tanto no réxime xeral como no de adultos. É de resaltar que no presente curso académico o IES Río Cabe foi uns dos poucos centros no que se autorizou a implantación da "modalidade xeral" no bacharelato de diúrno e hai 10 alumnos matriculados. Ademais tamén se pode cursar a educación secundaria para persoas adultas.

A dotación de recursos é suficiente, posto que posúe biblioteca con acceso a internet, tres aulas de informática con 26, 24 e 15 ordenadores respectivamente e nas aulas de Bacharelato e ESO dispoñemos dun ordenador e proxector.

Contexto-Zona:

En canto ao entorno no que se ubica o centro hai que sinalar que é unha localidade de tamaño medio, situada no interior e con abundantes recursos naturais e artificiais. A maior parte da poboación adícase a actividades relacionadas coa agricultura, gandería ou a hostalería e o turismo.

A maior parte dos servizos cos que conta a localidade están no centro urbano. Este concello ten unha extensión de 202 Km² e cerca de 20.000 habitantes.

Ademais dos dous centros educativos de ensino primario adscritos a este instituto (CEIP A Gándara e CEIP Colexio Novo), neste Concello hai outros 2 IES, un deles ubicado nos arredores.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar de forma crítica e reflexiva as achegas da ciencia económica, valorando a súa interrelación con outras disciplinas, para entender a realidade desde unha visión integral e actuar como cidadáns responsables, autónomos e comprometidos.	2		4-5		12-50	1	1-2	
OBX2 - Analizar, desde un enfoque interdisciplinario, o comportamento tanto individual como colectivo na toma de decisións económicas, avaliando o problema da escaseza e os seus efectos, para comprender os cambios económicos e sociais derivados do devandito problema e actuar en consecuencia.	2		2		12-50	4	1-2	
OBX3 - Establecer correspondencias entre os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e as aprendizaxes adquiridas a través do estudo de casos reais, analizándoos con axuda de ferramentas económicas e empresariais para xerar unha actitude sensible e un comportamento responsable e proactivo que contribúa a dar resposta aos retos actuais.			2-5		12	4	1-2	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar e valorar habilidades e competencias que caracterizan as persoas emprendedoras dentro da realidade actual, analizando os seus perfís e a súa forma de afrontar os retos, para recoñecer e potenciar as destrezas emprendedoras propias e aplicarlas a situacións reais da vida.					11-12-31	1-3	2	
OBX5 - Comprender as estratexias empresariais, analizando a súa evolución e distinguindo os novos modelos de negocio desenvolto por entidades vinculadas a diferentes ámbitos e sectores, para identificar a filosofía das empresas, recoñecer as tendencias e poñer en valor, con sentido crítico, a súa actividade na sociedade actual.	2		2	1	40	1-3	1-2	
OBX6 - Analizar a transformación económica e social e as súas consecuencias, recoñecendo a importancia que teñen a innovación e a revolución dixital na actividade empresarial, para comprender as respostas que as empresas lles ofrecen aos desafíos actuais e propoñer alternativas e novas solucións aos devanditos desafíos.	2-3		4	5	40	4	1-2	

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Economía, a ciencia útil	A ciencia económica. A escaseza e o custo de oportunidade. Sistemas de asignación de recursos.	11	15	X		
2	A organización económica.	Os factores de produción. Os sectores económicos. A fronteira de posibilidades de produción. O crecemento económico. Os sistemas económicos.	7	10	X		
3	As decisións na economía.	Decisións e racionalidade. Economía do comportamento. Utilitarismo e felicidade. Economía do benestar.	11	15	X		
4	Produción e mercado.	Funcionamento do mercado. Tipos de mercado. O fluxo circular da renda.	14	20	X		
5	O papel do Estado.	Os fallos do mercado e a intervención do sector público.	7	10		X	
6	A economía dos países	Macromagnitudes. Equilibrio macroeconómico. Sistema financeiro.	8	10		X	
7	A economía do século XXI.	Retos económicos actuais. A globalización. Problemas medioambientais. O crecemento sostible.	7	10		X	
8	O emprendemento.	O espírito emprendedor. Competencias, cualidades e hábitos do emprendedor.	7	10		X	
9	O proxecto emprendedor.	Misión e visión da empresa emprendedora. Creación e posta en marcha. Protección da	7	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	O proxecto emprendedor.	idea, do produto e da marca.	7	10			X
10	A era da información.	A revolución tecnolóxica. A era da información. Riscos e controversias.	7	10			X
11	A empresa dixital.	A revolución dixital, implicacións para a empresa. Marketing dixital.	7	10			X
12	Os retos da empresa do século XXI.	Transformación da empresa. Análise de casos: Análise DAFO. Estratexia empresarial.	7	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Economía, a ciencia útil	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Entender a realidade partindo da análise crítica e reflexiva sobre as achegas que ofrece a ciencia económica e valorando a súa interrelación con outras disciplinas, de modo que o alumnado adquira unha visión integral desta e asuma responsabilidades e compromisos.	Identifica os contidos asociados á unidade na realidade económica empregando os medios de difusión habituais no alumnado. Valora as relacións da economía con outras ciencias.	PE	100
CA1.2 - Comprender os cambios económicos e sociais desde unha análise interdisciplinaria sobre o comportamento humano no proceso de toma de decisións e avaliando o problema da escaseza e os seus efectos, estimulando ao alumnado para actuar en consecuencia.	Recoñece o problema económico básico e o custo de oportunidade. Interpreta modelos económicos simples. Explica o fluxo circular da renda. Describe a asignación de recursos nos sistemas económicos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A escaseza e o tratamento do problema económico. - A escaseza e as súas implicacións. O custo de oportunidade. A escaseza e a eficiencia. O paradoxo do valor, o valor de uso e o valor de cambio dos bens. - A escaseza e o funcionamento do mercado. Os prezos como mecanismo de asignación de recursos ao transmitir información. Sistemas de asignación de recursos. - O fluxo circular da renda. Oferta e demanda agregada. Análise das interrelacións (conexións) que existen entre os diversos elementos (agregados) da realidade económica. - Economía e outras disciplinas. - A economía como ciencia social. Principais problemas para a análise económica: a complexidade da realidade e a incorporación de supostos simplificadoros. A dificultade para establecer leis xerais que non sexan de carácter probabilístico. A modelización matemática como ferramenta para a análise económica.

UD	Título da UD	Duración
2	A organización económica.	10

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Entender a realidade partindo da análise crítica e reflexiva sobre as achegas que ofrece a ciencia económica e valorando a súa interrelación con outras disciplinas, de modo que o alumnado adquira unha visión integral desta e asuma responsabilidades e compromisos.	Valora e aplica en supostos prácticos as achegas doutras disciplinas á ciencia económica.	PE	100
CA1.2 - Comprender os cambios económicos e sociais desde unha análise interdisciplinaria sobre o comportamento humano no proceso de toma de decisións e avaliando o problema da escaseza e os seus efectos, estimulando ao alumnado para actuar en consecuencia.	Describe os efectos da toma de decisións irracionais máis frecuentes. Identifica teorías alternativas á racional na toma de decisións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A escaseza e o tratamento do problema económico. - Economía e outras disciplinas. <ul style="list-style-type: none"> - A análise económica e o individualismo metodolóxico. Outras alternativas de análises da realidade social. Perspectiva sociolóxica: o grupo social como unidade de análise económica. - Os individuos e o comportamento racional. Fallos da racionalidade: a racionalidade limitada. A economía do comportamento, a psicoloxía económica e a teoría da decisión. - Os axentes económicos e a maximización da súa utilidade: filosofía e economía: o utilitarismo e a felicidade. Utilitarismo como teoría ética fronte a outras posturas. A maximización do benestar social e o debate eficiencia versus equidade desde un punto de vista ético. O benestar social e a calidade de vida desde unha perspectiva sociolóxica. O benestar na psicoloxía positiva. A economía da felicidade e o paradoxo de Easterlin.

UD	Título da UD	Duración
3	As decisións na economía.	15

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender os cambios económicos e sociais desde unha análise interdisciplinaria sobre o comportamento humano no proceso de toma de decisións e avaliando o problema da escaseza e os seus efectos, estimulando ao alumnado para actuar en consecuencia.	Describe e comprende o funcionamento do mercado. Identifica os tipos de mercado. Identifica os fallos de mercado. Explica a necesidade de intervención do Estado.	PE	80
CA1.4 - Tomar conciencia dos problemas mundiais analizándoos a través de ferramentas económicas e empresariais.	Valora os efectos no mercado como asignador de recursos nos desafíos económicos actuais.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A escaseza e o tratamento do problema económico. - A escaseza e o funcionamento do mercado. Os prezos como mecanismo de asignación de recursos ao transmitir información. Sistemas de asignación de recursos. - Os fallos do mercado e a intervención do sector público. Fallos do sector público e as súas implicacións.

UD	Título da UD	Duración
4	Produción e mercado.	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender os cambios económicos e sociais desde unha análise interdisciplinaria sobre o comportamento humano no proceso de toma de decisións e avaliando o problema da escaseza e os seus efectos, estimulando ao alumnado para actuar en consecuencia.	Describe o equilibrio macroeconómico e analiza a evolución dos principais indicadores económicos. Explica o funcionamento do sistema financeiro. Elabora un plan financeiro persoal.	PE	80
CA1.6 - Propoñer alternativas e novas solucións aos desafíos ambientais e aos retos económicos actuais, analizando os efectos da transformación económica e social e recoñecendo a importancia que teñen a innovación e a revolución dixital na actividade empresarial.	Coñece e valora o impacto medioambiental do crecemento económico. Identifica as causas da pobreza e propón posibles solucións.		
CA1.3 - Xerar actitudes sensibles e comportamentos responsables e proactivos que contribúan a dar resposta aos retos actuais a partir do estudo de casos reais establecendo correspondencias entre a realidade mundial e as aprendizaxes adquiridas.	Identifica e valora os problemas mundiais actuais e formula comportamentos responsables co cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.	TI	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Tomar conciencia dos problemas mundiais analizándoos a través de ferramentas económicas e empresariais.	Valora o papel dos indicadores alternativos ao PIB. Valora a importancia da economía circular. Coñece e valora a Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A escaseza e o tratamento do problema económico. - O fluxo circular da renda. Oferta e demanda agregada. Análise das interrelacións (conexións) que existen entre os diversos elementos (agregados) da realidade económica. - A contorna financeira. Diñeiro e transaccións. Planificación e xestión das finanzas persoais: risco e beneficio. - Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos. - Economía e outras disciplinas. - Economía e ecoloxía: cambio climático, desenvolvemento sostible e economía circular.

UD	Título da UD	Duración
5	O papel do Estado.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender os cambios económicos e sociais desde unha análise interdisciplinaria sobre o comportamento humano no proceso de toma de decisións e avaliando o problema da escaseza e os seus efectos, estimulando ao alumnado para actuar en consecuencia.	Describe a relación entre os distintos fallos de mercado e as funcións do Estado. Identifica as políticas macroeconómicas.	PE	85
CA1.4 - Tomar conciencia dos problemas mundiais analizándoos a través de ferramentas económicas e empresariais.	Valora o papel das políticas macroeconómicas na resolución dos problemas mundiais.		
CA1.3 - Xerar actitudes sensíbeis e comportamentos responsables e proactivos que contribúan a dar resposta aos retos actuais a partir do estudo de casos reais establecendo correspondencias entre a realidade mundial e as aprendizaxes adquiridas.	Analiza, en supostos prácticos, os diferentes enfoques sobre a intervención do Estado na economía e as políticas macroeconómicas aplicadas.	TI	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A escaseza e o tratamento do problema económico.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os fallos do mercado e a intervención do sector público. Fallos do sector público e as súas implicacións. - O fluxo circular da renda. Oferta e demanda agregada. Análise das interrelacións (conexións) que existen entre os diversos elementos (agregados) da realidade económica.

UD	Título da UD	Duración
6	A economía dos países	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender os cambios económicos e sociais desde unha análise interdisciplinaria sobre o comportamento humano no proceso de toma de decisións e avaliando o problema da escaseza e os seus efectos, estimulando ao alumnado para actuar en consecuencia.	Describe as diferentes variables macroeconómicas. Identifica os diferentes elementos que compoñen o sistema financeiro.	PE	80
CA1.4 - Tomar conciencia dos problemas mundiais analizándoos a través de ferramentas económicas e empresariais.	Valora o papel do sistema financeiro na economía.		
CA1.3 - Xerar actitudes sensíbeis e comportamentos responsables e proactivos que contribúan a dar resposta aos retos actuais a partir do estudo de casos reais establecendo correspondencias entre a realidade mundial e as aprendizaxes adquiridas.	Analiza, en supostos prácticos, as diferentes políticas macroeconómicas aplicadas e as características do sistema financeiro.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A escaseza e o tratamento do problema económico. - Os fallos do mercado e a intervención do sector público. Fallos do sector público e as súas implicacións. - O fluxo circular da renda. Oferta e demanda agregada. Análise das interrelacións (conexións) que existen entre os diversos elementos (agregados) da realidade económica.

UD	Título da UD	Duración
7	A economía do século XXI.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Comprender as respostas que ofrecen as empresas aos desafíos ambientais e retos económicos, analizando, a través de casos reais, as medidas que implementan.	Analiza os problemas medioambientais e comprende a importancia do desenvolvemento sustentable.	PE	100
CA1.6 - Propoñer alternativas e novas solucións aos desafíos ambientais e aos retos económicos actuais, analizando os efectos da transformación económica e social e recoñecendo a importancia que teñen a innovación e a revolución dixital na actividade empresarial.	Valora os problemas e vantaxes da globalización, describindo as desigualdades e os problemas medioambientais relacionados co desenvolvemento.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A escaseza e o tratamento do problema económico. - Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos. - Economía e outras disciplinas. - Economía e ecoloxía: cambio climático, desenvolvemento sostible e economía circular.

UD	Título da UD	Duración
8	O emprendemento.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer e potenciar as destrezas emprendedoras propias, identificando e valorando previamente as habilidades que posúen persoas emprendedoras reais e analizando as súas competencias á hora de afrontar os retos que se lles presentan.	Describe as cualidades e habilidades do emprendedor. Elabora a análise DAFO persoal e realiza propostas de mellora.	PE	100
CA2.2 - Afrontar retos sinxelos da vida cotiá aplicando as destrezas propias que caracterizan a unha persoa emprendedora.	Valora as cualidades e habilidades do emprendedor en supostos prácticos simulados.		
CA2.3 - Coñecer a evolución na xestión de grupos e relacións humanas na empresa, comprendendo e valorando as tendencias actuais.	Identifica as competencias sociais requiridas para o traballo en grupo. Identifica estratexias de resolución de conflitos. Valora tendencias actuais nas relacións humanas na empresa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A persoa emprendedora e intraemprendedora. Competencias, calidades e hábitos. A intelixencia emocional e a intelixencia executiva.

Contidos

- O espírito emprendedor: procura de necesidades e oportunidades. Adestramento da creatividade e proactividade.
- Crenzas sobre emprendemento. O medo para emprender: a xestión do erro como unha oportunidade para aprender.
- Competencias sociais. Tipos e aplicación. A xestión de grupos e a teoría das relacións humanas.
- Misión e visión da persoa emprendedora. Creación e posta en marcha do seu proxecto emprendedor. Protección da idea, do produto e da marca.
- Autoavaliación da persoa emprendedora. Ferramentas.

UD	Título da UD	Duración
9	O proxecto emprendedor.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Afrontar retos sinxelos da vida cotiá aplicando as destrezas propias que caracterizan a unha persoa emprendedora.	Define a súa misión e visión persoal. É consciente da importancia da protección da idea de negocio e dos seus resultados. Traballa a idea emprendedora e fai unha aproximación ao modelo de negocio.	TI	100
CA2.3 - Coñecer a evolución na xestión de grupos e relacións humanas na empresa, comprendendo e valorando as tendencias actuais.	Valora a importancia do traballo en grupo no pensamento creativo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Misión e visión da persoa emprendedora. Creación e posta en marcha do seu proxecto emprendedor. Protección da idea, do produto e da marca.
- Autoavaliación da persoa emprendedora. Ferramentas.

UD	Título da UD	Duración
10	A era da información.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Propoñer alternativas e novas solucións aos desafíos ambientais e aos retos económicos actuais, analizando os efectos da transformación económica e social e recoñecendo a importancia que teñen a innovación e a revolución dixital na actividade empresarial.	Identifica estratexias empresariais desenvolvidas como resposta aos retos económicos actuais integrando as TIC e a protección do medioambiente.	PE	100
CA3.3 - Comprender as respostas que ofrecen as empresas aos desafíos actuais, analizando a transformación económica e social que está a experimentar a sociedade.	Identifica as características propias da empresa dixital. Identifica os cambios nas variables de marketing-mix derivados da transformación dixital da empresa.		
CA3.4 - Propoñer alternativas e novas solucións aos desafíos actuais, analizando os efectos da transformación económica e social e recoñecendo a importancia que teñen a innovación e a revolución dixital na actividade empresarial.	Valora en supostos prácticos a importancia da innovación e das TIC como fonte de transformación das empresas para ser competitivas e acceder a novos mercados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A escaseza e o tratamento do problema económico. - Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos. - A revolución tecnolóxica. O poder da tecnoloxía. Os modelos de negocio.

UD	Título da UD	Duración
11	A empresa dixital.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Comprender as respostas que ofrecen as empresas aos desafíos actuais, analizando a transformación económica e social que está a experimentar a sociedade.	Identifica as características propias da empresa dixital. Identifica os cambios nas variables de marketing-mix derivados da transformación dixital da empresa.	PE	80
CA1.6 - Propoñer alternativas e novas solucións aos desafíos ambientais e aos retos económicos actuais, analizando os efectos da transformación económica e social e recoñecendo a importancia que teñen a innovación e a revolución dixital na actividade empresarial.	Identifica estratexias empresariais desenvolvidas como resposta aos retos económicos actuais integrando as TIC e a protección do medioambiente.	TI	20
CA3.4 - Propoñer alternativas e novas solucións aos desafíos actuais, analizando os efectos da transformación económica e social e recoñecendo a importancia que teñen a innovación e a revolución dixital na actividade empresarial.	Valora en supostos prácticos a importancia da innovación e das TIC como fonte de transformación das empresas para ser competitivas e acceder a novos mercados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A escaseza e o tratamento do problema económico. - Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos. - A revolución tecnolóxica. O poder da tecnoloxía. Os modelos de negocio. - Mercado e clientes. Márketing dixital. Novos modelos de negocio.

UD	Título da UD	Duración
12	Os retos da empresa do século XXI.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Comprender as respostas que ofrecen as empresas aos desafíos ambientais e retos económicos, analizando, a través de casos reais, as medidas que implementan.	Identifica as estratexias de responsabilidade social desenvolvidas pola empresa como resposta á protección do medioambiente.	PE	40
CA3.3 - Comprender as respostas que ofrecen as empresas aos desafíos actuais, analizando a transformación económica e social que está a experimentar a sociedade.	Identifica as estratexias de responsabilidade social desenvolvidas pola empresa no ámbito social.		
CA1.6 - Propoñer alternativas e novas solucións aos desafíos ambientais e aos retos económicos actuais, analizando os efectos da transformación económica e social e recoñecendo a importancia que teñen a innovación e a revolución dixital na actividade empresarial.	Identifica as respostas das estratexias empresariais aos cambios no entorno. Identifica os cambios no entorno laboral na empresa dixital.	TI	60
CA3.1 - Recoñecer as tendencias e identificar a filosofía das empresas comprendendo as estratexias empresariais levadas a cabo por distintas entidades e analizando a súa evolución, así como os modelos de negocio desenvolvidos valorando, con sentido crítico, a súa actividade empresarial.	Analiza en casos prácticos a evolución do modelo empresarial tradicional ao actual.		
CA3.2 - Distinguir os novos modelos de negocio desenvolvidos por entidades pertencentes a diversos sectores e ámbitos analizando as súas posibilidades e limitacións no mercado.	Analiza casos prácticos de empresas identificando os novos modelos de negocio.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A escaseza e o tratamento do problema económico. - Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos. - Economía e outras disciplinas. - Economía e ecoloxía: cambio climático, desenvolvemento sostible e economía circular.

Contidos

- Cultura empresarial e xestión do talento. O liderado. O papel da muller na actividade empresarial.
- O lugar de traballo. A empresa do futuro. Tendencias.
- Estratexia e xestión da empresa. Transformación dixital. Innovación. Sostibilidade.
- Análise de casos: análise interna e externa. DAFO. Estratexia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Aspectos xerais:

- Partir da competencia inicial do alumnado
- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe
- Potenciar as metodoloxías activas
- Combinar traballo individual e cooperativo
- Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas
- Uso habitual das TIC
- Papel facilitador do profesor/a

Estratexias metodolóxicas:

- Memorización comprensiva
- Indagación e investigación sobre documentos, textos, prensa
- Elaboración de esquemas e resumos
- Análise de documentos, gráficos, mapas, táboas de datos
- Comentarios de textos, gráficos, mapas
- Resolución de problemas
- Estudo de casos
- Simuladores empresariais

Secuenciación habitual de traballo na aula:

Para intentar levar a práctica estes principios metodolóxicos o meu Deseño da aprendizaxe estrutúroo en TRES fases:

1.- Fase inicial: O inicio de cada Unidade Didáctica, o profesor fará unha introdución á mesma, que incluírá os obxectivos a conseguir e comentará co grupo os coñecementos previos que podan ter sobre a materia, para detectar as ideas preconcebidas e motivar e despertar interese hacia o tema a través do diálogo cos alumnos/as.

2.- Fase directiva: Posteriormente se pasará a explicar os contidos conceptuais intercalando actividades de aprendizaxe, como poden ser realizar esquemas, mapas conceptuais, ou resolver exercicios e casos prácticos; limitándose o profesor a labores de coordinación e orientación, prestando especial atención os grupos de alumnos/as que teñan máis dificultades e propondo en caso de ser necesario actividades de reforzo ou ampliación. A finalidade das actividades é facilitar a comprensión e interpretación dos contidos conceptuais, e aplicar os coñecementos adquiridos a distintas situacións.

3.- Fase autónoma: Ao finalizar cada unidade didáctica, se proporán aos alumnos/as a resolución dalgunhas actividades que faciliten a mellor comprensión do tema e o seu estudo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto da editorial McGraw Hill

Aula virtual do centro en webs dinámicas
Biblioteca
Aula de informática
Software específico libre: LibreOffice...

Para levar adiante o proceso de ensinanza e aprendizaxe precisaremos apoiarnos nuns recursos que, na maioría das veces, se basean en soportes escritos ou visuais. Así, salientamos a utilización de libros ou material de actividades propostas polo profesor, e por suposto Internet que é hoxe a principal fonte de datos que podemos ter a man.

Normalmente utilizaremos a aula do curso correspondente asignada pola Xefatura de Estudos e cando o profesor o necesite faremos uso da aula de informática, a biblioteca ou unha aula dotada con pantaia e proxector.

Os alumnos/as deberán utilizar o libro de texto da editorial "McGraw Hill". O departamento didáctico escolle este libro de texto porque:

- 1.- É adecuado para o nivel de coñecementos dos alumnos/as.
- 2.- Ten moitas actividades para practicar e son de diferente dificultade.
- 3.- Está elaborado por un profesor galego e a pesar de estar en castelán é o libro de texto que nestes intres máis se adapta ao currículo da materia aprobado pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- 4.- O libro de texto non se considera como único recurso para a realización de actividades, se non que o propio profesor tamén planificará e elaborará actividades adaptadas aos contidos propostos nesta programación e as características do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase nas primeiras semanas do curso académico. O seu obxectivo é facilitar información sobre diversos aspectos do alumnado, tales como o seu coñecemento acerca das destrezas propias da materia e a detección de alumnado con posibles dificultades de aprendizaxe ou con capacidades superiores á media do grupo. Dita información servirá ó profesorado para programar as adaptacións necesarias, así coma as actividades de reforzo ou ampliación se fose necesario.

O método para obter a devandita información será mediante a observación do alumnado na aula.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	11	7	11	14	7	8	7	7	7	7
Proba escrita	100	100	80	80	85	80	100	100	0	100
Táboa de indicadores	0	0	20	20	15	20	0	0	100	0

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	7	7	100
Proba escrita	80	40	80
Táboa de indicadores	20	60	20

Crterios de cualificación:

En cada avaliación faranse dúas probas escritas nas que se medirán os contidos conceptuais e procedementais. Ademais tamén se terán en conta as actitudes, asistencia, puntualidade, traballo na clase....

O Baremo da nota de avaliación será o seguinte:

Probas escritas (exames)..... 70% da nota

o Se fará a media aritmética das probas escritas.

o As probas escritas poden constar de preguntas conceptuais sobre o temario, de cuestións de cálculo numérico, ou de ambos tipos de cuestións. Xeralmente, estarán puntuadas de 0 a 10.

o O feito de que un alumno sexa collido copiando nun exame, poderá levar consigo que a avaliación á cal pertenza o exame, lle sexa cualificada como non superada coa nota mínima.

Actividades..... 20% da nota

o Realización das tarefas indicadas polo profesor que se deben realizar na aula.

o Elaboración de traballos individuais ou en equipo.

o Resolución de follas de exercicios e actividades facilitadas polo profesor.

Actitudes (asistencia, puntualidade...)..... 10% da nota

o Cada falta sen xustificar na avaliación resta 0,25 pts.

o Cada dous apercibimentos ou faltas de puntualidade restan 0,25 pts

o Cada falta de orde resta 0,5 pts.

O sistema de baremación aquí indicado non exclúe que o profesor o poida modificar lixeiramente si se aprecian circunstancias que así o aconsellen, tales como poden ser o nivel inicial do/a alumno/a, as súas capacidades de aprendizaxe, etc.

Crterios de recuperación:

a) Avaliación final

Ó final do curso realizarase un Exame Final da asignatura, ó que terá que presentarse o alumnado que teña en ese momento algunha/s avaliación/s suspensa/s. Se ten unha única avaliación suspensa presentarase a recuperación da mesma.

O exame correspondente versará sobre os contidos impartidos en toda a avaliación ou avaliacións non superadas, independentemente dos resultados obtidos en cada unha das probas realizadas durante a mesma.

O alumnado que ten aprobadas as 3 avaliacións, calcularáselle a nota da avaliación ordinaria facendo a media aritmética das 3 avaliacións e redondeando o resultado o número enteiro máis cercano.

No caso dos alumnos que se teñan que presentar ao exame final, a cualificación calcúrase do seguinte xeito: 80% da nota no exame final máis o 20% da nota que tivese na avaliación que agora pretende recuperar.

b) Avaliación extraordinaria:

Para o alumnado que non aprobe a materia na convocatoria do 5 de xuño, terá que recuperar a mesma nas dúas

semanas seguintes. A partir do 5 de xuño darase prioridade á realización de actividades de apoio, de reforzo e de recuperación para o alumnado coa materia sen superar e preparación das probas extraordinarias.

Durante a primeira semana resolveranse dúbidas e realizaranse actividades de repaso que sirvan de preparación para o exame extraordinario. Na segunda semana o alumnado suspenso terá que presentarse a un exame de toda a materia. Este exame será o mesmo para tódolos/as alumnos/as que cursen este nivel, e será confeccionado por tódolos membros do Departamento que imparten dita asignatura.

A cualificación da avaliación extraordinaria será a nota do exame redondeada por defecto.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non procede ao ser esta unha materia que se implanta este curso por primeira vez.

6. Medidas de atención á diversidade

A programación será aberta e flexible, para poder atender á diversidade do alumnado e intentar previr ou evitar a aparición de dificultades de aprendizaxe. Para iso é importante personalizar o proceso de ensinanza-aprendizaxe e fomentar que o alumnado traballe en colaboración a fin de conseguir superar as deficiencias de cada un.

As actividades de clase deben atender principalmente ao traballo en equipo e á axuda recíproca entre os alumnos/as. Ademais o diálogo profesor-alumnos/as debe ser continuo a fin de facilitar a adaptación de determinadas actividades ó nivel de coñecementos e capacidades de cada alumno/a.

Para a atención a diversidade tentarei adoptar as seguintes medidas:

- Propor actividades e exercicios de reforzo ou ampliación aos alumnos/as que o necesiten.
- Priorizar os contidos en función dos seus intereses e motivacións.
- Partir dos coñecementos previos dos alumnos/as.
- Variedade de contidos (procedimentais, conceptuais e actitudinais)
- Tratarei de presentar os contidos interrelacionados e buscando, na medida do posible, aplicacións reais dos mesmos.
- Presentación variada do material.
- Priorizar o facer dos alumnos/as.
- Descompoñer a tarefa en pequenos pasos, do máis sinxelo o máis complexo.

Non obstante, as opcións metodolóxicas escollidas, eminentemente activas, e a variedade das actividades de aprendizaxe deben contribuír a esta atención individual ao alumno. Excluídas do bacharelato as medidas extraordinarias de atención á diversidade, só queda como manifestación clara de atención á diversidade, o conxunto de aspectos, estratexias, recursos ou procedementos que permiten afrontar e dar resposta á diversidade individual de capacidades, intereses, estilos, ritmos e dificultades de aprendizaxe.

Se coa práctica docente diaria se observase na aula a existencia de alumnos con especiais características tales que requirisen formulacións particulares, ofrecerase a estes alumnos/as, co apoio e asesoramento do Departamento de Orientación, vías adaptadas ás súas necesidades. Estas vías específicas buscarían o máximo desenvolvemento das súas capacidades para que puidesen acceder a metas iguais ás propostas ós seus compañeiros.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X		
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X		
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X		
ET.4 - Competencia dixital				X		X		
ET.5 - Creatividade				X		X		
ET.6 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X		
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X		
ET.8 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X		
ET.9 - A igualdade de xénero	X			X	X	X		

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión lectora	X		X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X		X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X		X	X
ET.4 - Competencia dixital	X		X	X
ET.5 - Creatividade	X			X
ET.6 - Emprendemento social e empresarial	X		X	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico	X		X	X
ET.8 - Educación emocional e en valores	X		X	X
ET.9 - A igualdade de xénero	X			X

Observacións:

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Young Business talents	Programa de simulación empresarial.
Finanzas para Mortales	Programa de educación financeira organizado polo Banco de España e a CNMV.
Charlas formativas a cargo de empresas e/ou institucións.	Charlas que pretenden achegar a realidade económica ao alumnado.

Observacións:

É conveniente que se faga algunha actividade complementaria (dentro do horario escolar e de obrigado cumprimento) ou extraescolar (fora do horario escolar e optativas) para que os alumnos/as comprobren a aplicación práctica dos contidos.

Contemplase a posibilidade de participar en actividades de competición con outros centros educativos como "Young Business Talents" organizado polas empresas "Praxis", "ABANCA" e "Vodafone", que é un exercicio de simulación por ordenador no que diferentes compañías virtuais compiten na produción e venda dun produto. Con esta actividade preténdese que os alumnos se familiaricen co funcionamento dos mercados e a toma de decisións. Intentarase non destinar horas lectivas de clase a preparación das diferentes estratexias a seguir nesta competición.

Ademais participaremos no concurso escolar "Finanzas para Mortales" organizado polo Banco de España e a Comisión Nacional do Mercado de Valores, conscientes da importancia que ten para o desenvolvemento dun país a educación financeira.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Inclúe os elementos curriculares na programación didáctica adaptándoos ás características do alumnado e contexto do centro.
Elabora as unidades didácticas utilizando como referente a programación didáctica da materia.
Realiza a avaliación inicial co fin de identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.
Presenta e publica a programación didáctica incidindo especialmente na metodoloxía, instrumentos e proceso de avaliación e cualificación.
Planifica, coa antelación suficiente e tendo en conta a dispoñibilidade do alumnado, o calendario de probas a realizar segundo a tipoloxía.
Ofrece ao alumnado múltiples formas de presentación dos contidos e de acción e expresión.

Emprega as tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.
Propón actividades complementarias que contribúan á mellora da aprendizaxe do alumnado.
Procura a transparencia do proceso de avaliación.
Fomenta e estimula as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, de expresión escrita e en público.
Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula en función das características do grupo.
Planifica a actividade educativa coordinada con outras materias.
Establece criterios e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permitan facer o seguimento do progreso do alumnado e comprobar o grao de adquisición de competencias.
Presenta ao inicio de cada sesión o plan de traballo, sinalando os obxectivos que se pretenden lograr.
Analiza os resultados da avaliación cos alumnos e alumnas. Informa dos logros acadados e dificultades atopadas, propoñendo estratexias de mellora.
Recoñece o esforzo do alumnado, non só os resultados.
Relaciona os contidos da materia cos feitos da actualidade.
Organiza actividades complementarias axeitadas que completen a aprendizaxe tendo en conta as inxerencias do alumnado, na procura de facer atractiva a participación no desenvolvemento das mesmas.
Fomenta a participación do alumnado no desenvolvemento da materia, promovendo o debate e a análise crítica dos temas propostos.
Emprega na aula un discurso que estimula e mantén o interese do alumnado polos contidos obxecto de estudo.
Amosa unha actitude aberta e receptiva e fomenta a interacción co alumnado.
Xestiona a intelixencia emocional na aula, facilitando a expresión do alumnado, ensinando estratexias comunicativas.
Os mínimos de consecución e os criterios de cualificación e recuperación están claramente definidos.
Establece as medidas de atención á diversidade necesarias para facilitar o acceso ó currículo do alumnado.
Propón ao alumnado a realización de actividades de recuperación e reforzo, de enriquecemento e ampliación.
Rexistra e avalía o seguimento da súa propia actuación no desenvolvemento das clases.
Emprega instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.
Estabece as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado.
Participa en actividades de formación dirixidas á actualización de coñecementos científico-técnicos, didácticos e/ou psicopedagóxicos.
Emprega os resultados da avaliación para mellorar o proceso de ensino.
Realiza actividades, traballos e proxectos de investigación e innovación educativa relacionados coa práctica docente.

Descrición:

Tal e como establece a normativa, "O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes."

Tales indicadores consisten nunha serie de items que permiten reflexionar sobre a actuación co alumnado e os aspectos reflectidos na programación:

- planificación,
- a motivación do alumnado,
- desenvolvemento do proceso de ensino,
- idoneidade dos materiais empregados e das actividades propostas
- e seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe

Valoraranse de 0 a 5.

Obxectivos da avaliación da práctica docente:

- Axustala ás peculiaridades do grupo e a cada alumno/a.
- Comparar a planificación curricular coa súa execución.
- Favorecer a reflexión individual e colectiva.
- Mellorar a comunicación e coordinación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao iniciar o curso revisarase a programación a partir das propostas de mellora recollidas na correspondente memoria do departamento do curso anterior.

A avaliación da presente programación farase a través do seguimento na aplicación Proens por parte do/a profesor/profesora que imparta a materia e nas reunións de departamento.

Nas reunións de departamento comprobarase o grao de consecución dos obxectivos programados e as dificultades que se poidan atopar, ademais, poderán introducirse medidas correctoras se estas se estiman oportunas. Todas as posibles propostas de mellora reflectiranse na Memoria Final para introducir as modificacións necesarias na programación do curso seguinte.

As ferramentas a empregar para analizar o grao de cumprimento dos indicadores de logro poden consistir en:

- Diario de aula.
- Estatísticas de resultados.
- Cuestionarios e enquisas ao alumnado.

9. Outros apartados